

# PROGRAMACIÓN ESA. 2023-24

---

Departamento de Xeografía e Historia

Ámbito Social

<b>Índice</b>	
<b>Apartado</b>	<b>Paxina</b>
1. Aspectos xerais da programación didáctica	2
1.1 O marco lexislativo	2
1.2 Contribución da materia á consolidación das competencias clave	2
1.3 Contribución da materia ao desenvolvemento dos elementos transversais	3
2. Contexto	4
2.1 Características do Centro: entorno e instalacións	4
2.2 Organización dos espazos e recursos destinados á ESA	5
2.3 Características do alumnado e das ensinanzas de adultos impartidas no Centro	5
3. Metodoloxía	
3.1 Consideracións globais	
3.2 As actividades de ensinanza-aprendizaxe.	6
3.3 Estratexias metodolóxicas e procedementos	9
3.4 Materiais e recursos didácticos	10
3.5 Atención á diversidade	10
4. Obxectivos	11
5. Contidos	13
5.1 Secuenciación e temporalización dos contidos	13
5.2 Relación entre: contidos, criterios de avaliación, competencias clave, estándares de aprendizaxe e instrumentos de avaliación.	15
6. Avaliación	28
6.1 Criterios e procedementos de avaliación	28
6.2 Criterios e procedementos de cualificación	28
7. Actividades complementarias e extraescolares	29

# **1. Aspectos xerais da programación didáctica**

## **1.1 O marco lexislativo**

Nesta programación didáctica seguimos o marco lexislativo pautado pola Resolución do 7 de agosto de 2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas básicas de educación para persoas adultas, bacharelato para persoas adultas e ensinanzas non regradas no curso académico 2023/24.

Deste xeito, nesta resolución anúnciase que O Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia, recolle na disposición adicional cuarta que a consellería con competencias en materia de educación establecerá o currículo destas ensinanzas para persoas adultas. Porén, ficaría aínda pendente o desenvolvemento normativo específico para a Educación Secundaria de Adultos, polo que seguiremos as instrucións establecidas até o momento a este respecto.

## **1.2 Contribución da materia á consolidación das competencias clave**

As competencias clave defínense no Decreto 86/2015, do 25 de xuño como “aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego”.

Do mesmo xeito, no citado Decreto faise alusión ao seu sentido global, transversal, dinámico, integral e interdisciplinar, combinándose nelas “habilidades prácticas, coñecementos, motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outros compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz”.

En definitiva, tentaremos potenciar estas competencias clave a través dos procedementos que expoñemos a continuación, partindo da relación que se establece entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave no propio Decreto 86/2015, do 25 de xuño (que está incluída no desenvolvemento de cada materia), así como tendo presente que o seu tratamento na etapa do Bacharelato debe de ser máis completo e complexo.

En primeiro lugar, a competencia en comunicación lingüística (CCL) estará ligada tanto á potenciación da capacidade para empregar con rigor e corrección o vocabulario histórico como das destrezas vinculadas á comprensión, selección e síntese das fontes de información e á elaboración de argumentacións coherentes e creativas. Neste camiño, os instrumentos

fundamentais que oferta a nosa materia son a análise e comentario de textos históricos, gráficas, mapas e imaxes ou a definición de vocabulario histórico.

Pola súa parte, a competencia para aprender a aprender (CAA) implica, ademais da consolidación da capacidade de abordar os contidos da materia desde unha perspectiva de crítica construtiva, o desenvolvemento das habilidades propias da ordenación e síntese da información, tales como a elaboración de eixos cronolóxicos, mapas conceptuais ou esquemas, que evidencien as relacións de dependencia que se establecen entre os diversos fenómenos ou procesos.

Así mesmo, tamén as competencias sociais e cívicas (CSC) teñen unha vinculación directa cos documentos e outras fontes históricas, na medida en que a capacidade para analizar criticamente a información e saber contrastala amosa unha madurez persoal e social axeitada a esta etapa educativa. De igual maneira, pretendemos consolidar aquelas destrezas que permitan entender e interpretar a complexidade da sociedade actual, nas que ocupe un lugar fundamental a defensa da democracia, da liberdade, da igualdade ou da solidariedade como principais conquistas sociais da humanidade.

No tocante á conciencia e expresións culturais (CCEC), está ligada ao análise daquelas obras ou movementos artísticos máis representativos de cada etapa histórica, na que se poña en valor a diversidade cultural da humanidade e a necesidade de preservación deste patrimonio. Á súa vez, a competencia matemática (á marxe da súa proxección específica no tratamento de gráficas ou estatísticas) e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT) intégranse na observación do impacto dos cambios tecnolóxicos na sociedade.

En relación á competencia dixital (CD), o seu traballo está presente en moitos dos contidos desta materia, xa que a posibilidade de transmitir, acceder e intercambiar información dun xeito inmediato é unha valiosa ferramenta de aprendizaxe. Porén, debemos de ter presente a nosa responsabilidade na potenciación do seu uso axeitado e no desenvolvemento das capacidades para seleccionar a información de maneira crítica e rigorosa.

Finalmente, o traballo do sentido de iniciativa e o espírito emprendedor (CSIEE) está tamén presente en todo o noso modelo de aprendizaxe, e nas actividades ou proxectos fixados nesta programación didáctica existe unha potenciación constante das destrezas requecidas para a autonomía persoal e social ou das capacidades relativas ao emprendemento e a creatividade.

### **1.3 Contribución da materia ao desenvolvemento dos elementos transversais**

O proceso de ensino-aprendizaxe do Ámbito Social da ESA contribuirá á consecución dos obxectivos dos plans ou proxectos do centro, que teñen unha natureza interdisciplinar e plural.

En relación ao proxecto lector, a lectura é un dos procedementos esenciais de cara á potenciación da maioría das competencias clave, e desde a Historia do Mundo Contemporáneo fixamos como un puntal básico no proceso de aprendizaxe os exercicios que requiren a comprensión lectora, a utilización de diversas fontes históricas ou historiográficas, a educación no uso científico e crítico da información, ou o traballo habitual con artigos xornalísticos.

No tocante á introdución das TIC, conforma tamén un campo esencial nos procedementos de aprendizaxe, e empregamos con asiduidade estas ferramentas como mecanismo de busca, selección e tratamento da información, e como recurso para potenciar as competencias clave ligadas á capacidade para valorar ou interpretar os contidos recollidos na rede dunha maneira crítica e selectiva.

Desde o punto de vista do plan de convivencia, tentaremos contribuír ao desenvolvemento dun ambiente de estudo ordenado, tranquilo e cordial, e a mellorar o clima escolar no seu conxunto. Así meso, potenciaremos aqueles comportamentos que son fundamentais de cara a axeitada convivencia entre todos os membros da comunidade educativa, e que supoñen a asunción e a práctica dos valores cívicos e democráticos ou a preparación do alumnado para a vida adulta.

Finalmente, resta engadir que moitos destes valores ou principios gardan unha estreita relación cos contidos da Historia, na medida en que fenómenos tan negativos como o imperialismo, os conflitos bélicos, ou os réximes totalitarios demostran a importancia de preservar o respecto, a tolerancia, a solidariedade, os dereitos humanos, o desenvolvemento sostible do medio natural ou a igualdade entre os sexos

## **2. Contexto**

### **2.1 Características do Centro: entorno e instalacións**

O IES Gregorio Fernández é un dos dous institutos públicos localizados en Sarria. Este municipio conta na actualidade con case 14.000 habitantes. O núcleo urbano de Sarria concentra un 65% da poboación, mentres que o resto de habitantes do concello están distribuídos pola contorna rural.

Pola súa parte, Sarria é a cabeceira dunha extensa comarca na que tamén se sitúan os concellos de Láncara, Paradela, O Incio, O Páramo, Samos e Triacastela. Entre as principais actividades económicas deste espazo destacan os sectores primario e terciario. En relación a este último aspecto, o feito de que Sarria sexa o maior núcleo de poboación do tramo galego do Camiño Francés (e o último lugar desde o que se pode comezar esta ruta para conseguir a “Compostelá”) repercutiu no notable incremento do sector servizos nos últimos anos.

Desde o punto do patrimonio cultural e artístico da comarca de Sarria, existe unha grande riqueza de monumentos ou restos arqueolóxicos, especialmente das etapas antiga e medieval.

Entre eles destacan o propio trazado do Camiño de Santiago, a Fortaleza dos Marqueses de Sarria, o Mosteiro da Madalena ou a Igrexa do Salvador, patrimonio que ten unha proxección pedagóxica habitual nalgunhas das actividades desenvolvidas no Centro.

En relación ás instalacións e aos espazos didácticos existentes no IES, conta cun total de tres edificios, nos que se distribúen as aulas, os despachos da equipa directiva e de orientación, a secretaría, os departamentos didácticos, a sala de profesores, os obradoiros e laboratorios, o ximnasio, o pavillón polideportivo, a biblioteca, a sala de recepción de pais/nais, a cafetería e o comedor. Así mesmo, a maioría das aulas están equipadas con ordenador, canón dixital e pizarra, e son luminosas e ben ventiladas.

## **2.2 Organización dos espazos e recursos destinados á ESA**

Desde o punto de vista do uso dos diversos espazos do IES Gregorio Fernández, as clases da ESA impartiranse nas aulas 114 e 115, que contan ambas cunha distribución axeitada do mobiliario e suficiente ventilación e iluminación.

Así mesmo, ambas aulas están dotadas de canón de proxección e conexión a internet, recursos empregados tanto nas explicacións das unidades didácticas como na realización de diversas actividades por parte do alumnado. A este respecto, empregárase tamén a aula de informática, que está dotada con ordenadores para cada un dos alumnos/as.

Pola súa parte, outro recurso esencial será o uso da biblioteca do centro, na que se organizarán diversas actividades complementarias ou extraescolares que serán ofertadas tamén para o alumnado de adultos e que outros anos contaron cunha boa acollida.

Finalmente, tamén contamos cunha colaboración constante do Departamento de Orientación, tanto no caso do asesoramento pedagóxico aos docentes que imparten aulas na ESA como no caso da axuda prestada a algúns alumnos/as ante diversas problemáticas

## **2.3 Características do alumnado e das ensinanzas de adultos impartidas no Centro**

No curso 2023/2024 impartiranse no IES Gregorio Fernández os dous niveis da Ensinanza Secundaria de Adultos: Nivel I (con dous módulos cuadrimestrais) e o Nivel II (con dous módulos cuadrimestrais). Cada un destes módulos divídese en tres ámbitos de coñecemento: social, científico-tecnolóxico e comunicación.

En Sarria e no seu entorno a acollida desta modalidade de ensino é xeralmente boa, permitíndolle aos alumnos e alumnas poder compatibilizar a súa vida laboral coa asistencia ás aulas, que se imparten en horario de tarde entre as 17:15 e as 22:00.

Do mesmo xeito, existe unha relación constante e dinámica con outras institucións da comarca, como é o caso da organización conxunta co Concello de Sarria ou con outros centros educativos do entorno de diversas actividades arredor da conmemoración de datas simbólicas como o Día Internacional da Muller (8 de marzo) ou o Día Mundial da Poesía (21 de marzo).

Pola súa parte, en relación á procedencia do alumnado da Educación Secundaria de Adultos, cómpre sinalar que existe unha porcentaxe alta de alumnado procedente do estranxeiro, especialmente de América Latina.

### **3. Metodoloxía**

#### **3.1 Consideracións globais**

Desde un punto de vista xeral, a aprendizaxe significativa e funcional e as competencias clave constitúen dúas das principais novidades das recentes formulacións pedagóxicas e da súa proxección sobre a lexislación educativa. En relación á primeira, David Ausubel (2002) indica que esta nova orientación pedagóxica obrigou a unha reformulación global do proceso de ensino, no que este vaia máis aló da mera transmisión e memorización de coñecementos teóricos (sen prexuízo do recoñecemento da súa importancia) e adquira un carácter funcional e integrado no conxunto das materias do currículo.

Pola súa parte, Carlos Marchena (2008) incide na importancia de adoptar como punto de partida o nivel competencial do alumnado, de tal maneira que se constrúan relacións significativas entre os esquemas cognitivos previos e os novos contidos. A este respecto, débense primar tamén as metodoloxías activas e participativas, nas que se combine o traballo individual e o cooperativo e se potencien as capacidades orientadas ao desenvolvemento autónomo do alumnado e á comprensión e actuación sobre a complexidade do mundo que o rodea.

#### **3.2 As actividades de ensinanza-aprendizaxe. Modelos de indicadores de logro para a avaliación das actividades individuais e colectivas**

As actividades conforman un instrumento básico no proceso de aprendizaxe, xa que sobre elas se proxectan os obxectivos, os contidos, as competencias clave ou os elementos transversais. Así, son tamén un elemento prescriptivo do currículo, á vez que constitúen un medio esencial de avaliación do nivel competencial acadado polo alumnado. Pola súa parte, a conquista da equidade no proceso educativo obriga a que na súa selección ou deseño se teñan en conta os diversos ritmos de aprendizaxe, e a potenciación da motivación, do

comportamento cívico, da autonomía ou capacidade de iniciativa, da confianza nun mesmo e do traballo en equipo.

En función destas premisas, convértense en actividades esenciais: a indagación ou investigación a través de fontes históricas primarias; a análise crítica de artigos de prensa, contidos de páxinas web ou documentos historiográficos; os comentarios de texto, gráficas ou mapas; a definición de conceptos básicos ou vocabulario histórico; a potenciación das destrezas ligadas á memorización comprensiva e á elaboración de sínteses e eixos cronolóxicos; os estudos de caso relativos á súa contorna xeográfica ou a realización de actividades que impliquen debates, exposicións orais ou a cooperación entre o alumnado.

Pola súa parte, desde o punto de vista da natureza da súa realización, clasificamos estas actividades en: individuais (que son o grupo maioritario e permiten unha adaptación ás particularidades de cada alumno ou alumna e a potenciación da iniciativa persoal) e actividades en grupo (que favorecen a aprendizaxe do traballo cooperativo, a convivencia e o respecto).

Finalmente, en función do seu papel no proceso de aprendizaxe e da súa adaptación á diversidade do alumnado, clasificamos estas actividades en: actividades iniciais ou de motivación; actividades de desenvolvemento; actividades de consolidación, síntese ou reforzo e actividades de ampliación.

a) **Actividades iniciais ou de motivación:** están orientadas a presentar os contidos de cada unidade didáctica dunha maneira atractiva e amena, de tal xeito que se potencie a súa curiosidade. Así mesmo, na súa selección tívose en conta que faciliten a relación cos procesos anteriormente estudados e a indagación do nivel de partida do alumnado. No tocante aos procedementos a desenvolver, ao comezo do proceso de ensino de cada unidade didáctica o alumnado observará unha serie de imaxes ou materias audiovisuais vinculados aos seus contidos, e posteriormente realizarase un debate conxunto na aula seguindo unha serie de indicacións facilitadas polo profesorado.

b) **Actividades de desenvolvemento:** están orientadas á proxección dos diversos coñecementos teóricos adquiridos ao longo da unidade didáctica sobre unha serie de exercicios prácticos, así como á consolidación das competencias clave ou elementos transversais. Neste camiño, ao longo das diversas sesións previstas para cada unidade didáctica o alumnado realizará unha serie de actividades de desenvolvemento, sobre as que proxectará os contidos e competencias explicados ou introducidos previamente pola profesora. Estas actividades son variadas e graduadas en dificultade, de tal maneira que se combinen as aprendizaxes básicas cos coñecementos de maior complexidade.

c) **Actividades de consolidación, síntese ou reforzo:** esta é a categoría de actividades máis accesible e sinxela, coa que se pretende que o alumnado repase os contidos explicados



na aula. Pola súa parte responden, como xa sinalamos ao longo desta programación didáctica, ao emprego dun método de ensino e aprendizaxe significativo, que potencie o razoamento lóxico por parte dos alumnos e a súa autonomía na adquisición de coñecementos, así como á atención á diversidade do alumnado e á fixación duns contidos mínimos para superar a materia.

En suma, estas actividades fan referencia a un conxunto de cuestións diversas e sinxelas, que traballan campos como a comprensión, a síntese e a axeitada relación entre os diversos fenómenos ou procesos, e están adaptadas aos obxectivos establecidos para esta etapa educativa: a atención a diversidade do alumnado; o traballo da interdisciplinidade; a educación en valores ou a mellor comprensión da globalidade do mundo e do entorno do alumnado.

Desde o punto de vista dos procedementos, ao longo das diversas sesións previstas para cada unidade didáctica o alumnado realizará tamén un conxunto de actividades de consolidación, síntese ou reforzo, que incluírán as seguintes cuestións: resolución de preguntas sinxelas sobre os contidos mínimos de cada unidade; definición de conceptos empregando recursos persoais; situación espacial e temporal dos procesos históricos; establecemento de interrelacións entre as causas políticas, económicas, sociais ou culturais de cada fenómeno; elaboración de cadros sinópticos nos que se evidencien as distintas fases dun proceso.

d) **Actividades de ampliación:** son aquelas actividades encamiñadas á construción de novos coñecementos unha vez adquiridos os obxectivos previstos. Deste xeito, con estas actividades ou indicacións preténdese que o alumnado amplíe de maneira guiada algúns contidos.

Pola súa parte, a observación continua do progreso do alumnado na resolución de actividades de aprendizaxe ou proxectos responde aos obxectivos da programación e ao seu modelo de avaliación (constante, procesual e global). Do mesmo xeito, a valoración das destrezas e do desenvolvemento intelectual está complementada coa valoración do esforzo e interese.

Así mesmo, tal como aparece recollido na programación didáctica, estas actividades de aprendizaxe teñen unha gran importancia na avaliación do nivel competencial acadado polo alumnado. Tamén, daráselle ao alumnado a posibilidade de valorarse a si mesmo a través destes indicadores de logro ou rúbricas (tanto neste apartado como no seguinte), malia que só terá unha repercusión sobre a súa cualificación a observación e as consideracións da profesora. Observemos o seguinte modelo de rúbrica:

<b>Rúbrica das actividades/traballo individual na ESA (até 1 punto)</b>			
<b>Ítem</b>	<b>Ben (0,25)</b>	<b>Regular (0,10)</b>	<b>Mal (0 )</b>
<b>Presentación e ortografía:</b>			
<b>Profundidade:</b>			
<b>Argumentación e coherencia:</b>			
<b>Esfuerzo:</b>			
<b>Total</b>			

### **3.3 Estratexias metodolóxicas e procedementos**

A metodoloxía está orientada a ofrecer unha resposta á pregunta inicial de como ensinar, é dicir, como orientar o proceso de aprendizaxe para poder acadar os obxectivos propostos. Neste camiño, debemos de ter en conta tanto aqueles principios didácticos que respondan ás nosas necesidades, como os recursos e a organización dos espazos ou o carácter e pertinencia das actividades.

Así, a metodoloxía é tamén un elemento prescriptivo do currículo, xa que ten como finalidade poder acadar unha aprendizaxe eficaz dos contidos, así como a adecuación ás características e aos diversos ritmos de aprendizaxe do alumnado. En suma, os aspectos esenciais das estratexias metodolóxicas son os seguintes:

- Partir dos coñecementos previos do alumnado
- Desenvolver unha aprendizaxe significativa e funcional
- Ter en conta a diversidade: respectar os ritmos e estilos de aprendizaxe
- Potenciar as metodoloxía activas
- Combinar traballo individual e cooperativo
- Aprender a través de proxectos
- Usar habitualmente as TIC

Así mesmo, entre os procedementos metodolóxicos máis destacados están previstos os seguintes:

- Memorización comprensiva
- Indagación e investigación sobre documentos, textos, prensa, etc.
- Elaboración de sínteses, esquemas ou eixos cronolóxicos.
- Análise de documentos, gráficos, mapas ou táboas de datos.
- Comentarios de textos, gráficos, mapas.
- Resolución de problemas.
- Estudo de casos (proxectos).

### **3.4 Materiais e recursos didácticos**

Nesta programación didáctica está prevista a utilización dunha variedade de recursos materiais e humanos, sendo tan importante a transmisión de contidos e a realización de actividades (proceso interactivo entre práctica e teoría) como a interacción axeitada entre o profesorado e o alumnado ou entre este e os espazos didácticos do Centro e a súa contorna xeográfica. En relación aos recursos materiais, estes son amplos e abertos, dado que a Xeografía e a Historia están en continua revisión e actualización e, como xa mencionamos, pretendemos tamén con eles aproveitar os espazos didácticos dos que esta dotado o centro (biblioteca, aula de audiovisuais e aula de informática).

A este respecto, seguindo a Area (2009), distinguimos entre medios impresos, audiovisuais, auditivos e dixitais. No tocante aos primeiros, ademais dun libro de texto de referencia, utilizaremos mapas, gráficos, artigos de prensa e outros documentos escritos. Pola súa parte, os recursos audiovisuais e auditivos (estando a nosa dispoñibilidade varios proxectores ou equipos sonoros) son tamén unha ferramenta fundamental contemplada neste proceso de aprendizaxe, xa que tal como indica Ferro (2003) “con frecuencia son as imaxes, mais que o escrito, as que marcan a memoria”.

Finalmente, non podemos esquecer a importancia da formación do alumnado no manexo axeitado e didáctico das TIC (para o que contamos co espazo da aula de informática). Neste camiño, recorreremos á utilización desta aula nalgunhas das actividades que requiren a investigación ou o emprego de novas fontes de coñecemento.

### **3.5 Atención á diversidade**

No desenvolvemento da presente programación didáctica está prevista unha continua atención á diversidade, de tal xeito que poidamos adaptarnos de maneira rápida e eficaz ás

necesidades específicas do noso alumnado. En termos xerais consideramos as seguintes estratexias:

- A gradación dos contidos e das actividades en función da dificultade, de tal maneira que se combinen as aprendizaxes básicas cos coñecementos de maior complexidade.
- A inclusión nas unidades didácticas de actividades orientadas especificamente ao reforzo dos contidos ou á súa ampliación (no caso de alcanzar todos os obxectivos propostos).
- A diversidade de recursos e materiais, en función da potenciación da motivación, do respecto aos distintos ritmos de aprendizaxe, da creación dun ambiente axeitado de traballo e convivencia, ou da conformación de agrupamentos de estudo cooperativos.
- Seguimento específico dos alumnos ou alumnas que presenten dificultades para acadar os obxectivos e a axilización na medida do posible da introdución doutras estratexias de ensino e aprendizaxe.

## **4. Obxectivos**

1	Promover o sentimento de pertenza á comunidade galega e ás outras entidades políticas, sociais e culturais en que se integra, participando nelas con plena conciencia dos seus dereitos e deberes, desde posicións solidarias e respectuosas con outras comunidades, estados e culturas
2	Identificar os procesos e mecanismos básicos que rexan a realidade social e as interrelacións entre os feitos políticos, económicos, sociais e culturais, utilizando este coñecemento para comprender o pasado e as sociedades actuais; asumir que estas son o resultado de longos procesos de cambio e dunha pluralidade de causas, e, o papel que xogan nelas os homes e as mulleres e, así mesmo, analizar os problemas máis relevantes que se deducen dese estudo.
3	Identificar, localizar e analizar, a diferentes escalas, as características do medio físico e as interaccións que os grupos sociais establecen con el na utilización do espazo e dos seus recursos, valorando as consecuencias de tipo económico, social, político e ambiental destas.
4	Comprender que o territorio e a súa ordenación son o resultado da interacción das sociedades, ao longo da historia, sobre o medio en que se desenvolven e organizan

5	Identificar, localizar e comprender as características básicas da diversidade xeográfica do mundo, das grandes áreas xeoeconómicas e os trazos físicos e humanos de Europa, España e Galicia.
6	Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e acontecementos máis relevantes na historia do mundo, de Europa, de España e de Galicia, identificando as súas causas e consecuencia, para adquirir unha perspectiva global da evolución da humanidade, e para conseguir ser capaces de elaborar unha interpretación dinámica desta que permita comprender a pluralidade de comunidades en que se distribúen os seres humanos e, de xeito particular, a propia
7	Valorar a diversidade cultural -puntos de vista, formas de vida, códigos morais- manifestando actitudes de respecto e tolerancia por outras culturas e por opinións que non coinciden coas propias, sempre que non sexan atentatorias contra a dignidade humana, sen renunciar por iso a un xuízo crítico sobre elas.
8	Comprender e identificar as novas necesidades sociais que se produciron a partir da revolución industrial e a maneira en que inflúen na organización das paisaxes rurais e urbanas
9	Coñecer os elementos técnicos básicos das manifestacións artísticas dentro da súa realidade socio-cultural, para aprender así a valorar o patrimonio natural, histórico, cultural e artístico, asumindo a responsabilidade que supón a súa conservación e apreciándoo como recurso para o enriquecemento individual e colectivo
10	Comprender a singularidade do patrimonio natural, histórico, cultural e lingüístico galego, participando activamente na súa conservación e mellora.
11	Adquirir e empregar o vocabulario específico que ofrecen as ciencias sociais para que a súa incorporación ao vocabulario habitual aumente a precisión no uso da linguaxe e enriqueza a comunicación.
12	Obter, comprender e relacionar información verbal, escrita, gráfica, icónica, estatística e cartográfica procedente de fontes diversas, incluídas as que corresponden ao contorno físico e social, aos medios de comunicación e ás tecnoloxías da información. Aprender a tratala de xeito autónomo e crítico de acordo co fin perseguido, e comunicala aos demais de maneira organizada e intelixible.
13	Valorar a construción colectiva do coñecemento científico, recoñecendo o seu carácter provisional e comparalo co coñecemento social.
14	Realizar tarefas en grupo e participar en debates cunha actitude construtiva, crítica e tolerante, fundamentando adecuadamente as opinións e valorando o diálogo como unha vía necesaria para a solución dos problemas humanos e sociais.
15	Resolver problemas e levar cabo estudos e investigacións

## 5. Contidos

### 5.1 Secuenciación e temporalización dos contidos

#### Módulo I

Secuenciación e temporalización do Módulo I						
Avalia.	Unidades didácticas			Temporalización		Probas Aval.
	UD	Bloque	Contido	Mes	Sesiós	
1	1	B1.1	A terra: ubicación, representación	Set/ot	11	x
		B1.2	Compoñentes e formas básicas do relevo			
		B1.3	Medio físico de Galicia, España, Europa e o mundo			
	2	B2.1	A poboación en Galicia, España e Europa.	Nov.	11	x
		B2.2	A organización territorial de Galicia, España e Europa			
		B2.3	Movements migratorios, asentamentos e proceso de urbanización			
		B2.4	Actividade humana: sistemas e sectores económicos e áreas produtivas			
	B2.5	Sectores económicos				
	B2.6	Áreas económicas				
2	3	B3.1	A evolución das especies e a hominización	Nov/dec	12	x
		B3.2	A periodización na Prehistoria: Paleolítico e Neolítico			
		B3.3	Paleolítico: etapas; características das formas de vida; cazadores recolectores			
		B3.4	Neolítico: revolución agraria e expansión das sociedades humanas; sedentarismo; artesanía e comercio; organización social			
		B3.5	Prehistoria galega: megálitos e petróglifos			
		B3.6	As primeiras manifestacións culturais: restos materiais e artísticos; pintura e escultura. As primeiras descubertas e invencións. Os primeiros ritos relixiosos			
		B3.7	Idade Antiga: primeiras civilizacións urbanas. Mesopotamia e Exipto. Sociedade, economía e política			
		B3.8	Idade Antiga: avances culturais e científicos, as primeiras relixións organizadas. A arte no mundo antigo			
	4	B3.9	Mundo clásico. Grecia: as "polis" gregas e a súa expansión. O imperio de Alexandre Magno e o helenismo.	Xan/feb	12	x
		B3.10	Mundo clásico. Grecia e o helenismo: arte, ciencia, teatro e filosofía			
		B3.11	Mundo clásico: orixe e etapas da historia de Roma. República e imperio: organización política e expansión colonial polo Mediterráneo. Cristianismo.			
		B3.12	Mundo clásico. Arte romana: arquitectura, escultura e pintura			
		B3.13	Península Ibérica: pobos prerromanos; Hispania romana; Gallaecia. O proceso de romanización			

#### Módulo II

Secuenciación e temporalización do Módulo II						
Avaliación	Unidades didácticas			Temporalización		Probas Aval.
	UD	Bloque	Contido	Mes	Sesiós	
		B1.1	Aproveitamento e futuro dos recursos naturais			

1	5	B1.2	Desenvolvemento sostible. Impacto medio ambiental e aproveitamento dos recursos	Febreiro	11	x
		B1.3	Espazos naturais protexidos			
	6	B2.1	A globalización económica e o comercio internacional			
B2.2		A economía no espazo da Unión Europea				
B2.3		A consideración económica no medio ambiente e a incidencia dos últimos avances tecnolóxicos na economía				
2	7	B3.1	A Idade Media: causas e etapas. A alta Idade Media. O Feudalismo. A Baixa Idade Media. O renacer das cidades e a crise do século XIV.	Abril	13	x
		B3.2	Al Andalus, os reinos cristiáns e peninsulares. Os reinos de Taifas e as Coroas de Castela e Aragón. Galicia na Idade Media			
		B3.3	A arte na Idade Media. Arte románica, gótica e islámica. A arte na Idade Media. Arte románica, gótica e islámica.			
	8	B3.4	Descubertas xeográficas: Castela e Portugal. Conquista e colonización de América.	Maio/xuño	12	x
		B3.5	As monarquías autoritarias na Europa: os Austrias españois. O século XVII na Europa: o absolutismo. Galicia na idade moderna.			
		B3.6	O Renacemento e o Humanismo. Características e repercusión. A arte renacentista e barroca.			

## Módulo III

Secuenciación e temporalización do Módulo III						
Avaliación	Unidades didácticas			Temporalización		Probas Aval.
	UD	Bloque	Contido	Mes	Sesións	
1	9	B1.1	A Ilustración e a revolución científica. O alcance das novas correntes do pensamento en España e Galicia	Set/out	11	x
		B1.2	Do Imperio Napoleónico á época da Restauración			
		B1.3	O século XVIII: as revolucións burguesas e a crise do Antigo Réxime			
		B1.4	Os Borbóns en España. Da Guerra de Sucesión á Guerra da Independencia. Galicia no século XVIII			
		B1.5	A Revolución Industrial			
	10	B1.6	Revolucións burguesas nos séculos XVIII e XIX: liberalismo e nacionalismo. Alcance dos procesos revolucionarios en España e Galicia	Nov	12	x
		B1.7	Avances científicos e tecnolóxicos no século XIX. A arte			
		B1.8	A expansión imperialista. A conquista do mundo por parte das potencias industrializadas. España e Galicia durante o auxe do colonialismo			
		B1.9	O mundo de 1914 a 1918. A Primeira Guerra Mundial. A Revolución Rusa			
		B1.10	A época de Entreguerras: de 1919 a 1939. Os felices anos 20. A crise de 1929. O auxe dos fascismos			
		B1.11	A Segunda Guerra Mundial (1939-1945)			
		B1.12	O primeiro terzo do século XX en España e Galicia. II República e Guerra Civil			
2	11	B2.1	Ingresos e gastos. Identificación e control	Nov/dec	11	x
		B2.2	Xestión do orzamento. Obxectivos e prioridades			
		B2.3	Planificación económico-financieira: necesidades económicas nas etapas da vida			
		B2.4	Aforro e endebedamento. Os plans de pensións			
		B2.5	Risco e diversificación			

	12	B2.6	O diñeiro	Xan/feb	11	x
		B2.7	Contratos financeiros: contas e tarxetas de débito e crédito			
		B2.8	Relacións no mercado financeiro: información e negociación			
		B2.9	Implicacións dos contratos financeiros. Dereitos e responsabilidades dos/das consumidores/as no mercado financeiro			
		B2.10	O seguro como medio para a cobertura de riscos. Tipoloxía de seguros			

## Módulo IV

Secuenciación e temporalización do Módulo IV						
Avaliación	Unidades didácticas			Temporalización		Probas
	UD	Bloque	Contido	Mes	Sesións	Aval.
1	13	B1.1	A existencia dun mundo bipolar. A Guerra Fría	Febreiro	12	x
		B1.2	O proceso de descolonización			
		B1.3	A evolución das grandes potencias: URSS e EEUU: sociedade, política, economía e cultura			
		B1.4	A ditadura de Franco e a transición política de España cara a democracia			
	14	B1.5	O mundo recente entre os séculos XX e XXI. A globalización. A revolución tecnolóxica. Consecuencias.	Marzo	12	x
		B1.6	Distintas formas económicas e sociais do capitalismo no mundo			
		B1.7	O derrubamento dos rexímenes soviéticos e as súas consecuencias.			
		B1.8	A constitución da Unión Europea.			
2	15	B2.1	Autonomía e autoconecemento. A iniciativa emprendedora e o/a empresario/a na sociedade.	Abril	12	x
		B2.2	Intereses, aptitudes e motivacións persoais para a carreira profesional			
		B2.3	Itinerarios formativos e carreiras profesionais. Proceso de procura de emprego en empresas do sector. Autoemprego. Proceso de toma de decisións sobre o itinerario persoal.			
	16	B2.4	Dereito do traballo	Maio/xuñ	12	x
		B2.5	Dereitos e deberes derivados da relación laboral			
		B2.6	Contrato de traballo e negociación colectiva			
		B2.7	Seguridade Social. Sistema de protección. Emprego e desemprego.			
		B2.8	Protección do/da traballador/a e beneficios sociais.			

### 5.2 Relación entre: contidos, criterios de avaliación, competencias clave, estándares de aprendizaxe (grado mínimo de consecución e peso na cualificación) e instrumentos de avaliación.



## Módulo I

1ª Aval						Estándares de aprendizaxe avaliados /Indicadores de logro (1)	Criterios de cualificación e instrumentos de avaliación								
Tema/UD	Identif. Contidos(3)	Identif. Criterios(3)	Identific Estándar	Competencias clave	Estándares de aprendizaxe	Grao mínimo consec.	Peso Cualific da unid.	Instrumentos							
								Prob .esc.	Prob oral	Trab ind	Trab grup	Cad Cla	Rúb (2)	Obs.	
1	B1.1	B1.1	B1.1.1	CD CMCT CAA	Localiza espazos xeográficos e lugares utilizando datos de coordenadas xeográficas en mapas convencionais e en versión dixital.	100%	20%	90%					10%		
			B1.1.2	CD CMCT CAA	Comprende o funcionamento dos fusos horarios e practica coa axuda de aplicacións informáticas.	50%	10%	90%					10%		
	B1.2	B1.2	B1.2.1	CD CMCT CAA	Sitúa nos diferentes tipos de mapas físicos as principais unidades do relevo de Galicia, España, Europa e o mundo.	100%	15%	90%					10%		
			B1.2.2	CAA CCL	Enumera e describe as características do relevo de Galicia, España, Europa e o mundo.	100%	15%	90%					10%		
	B1.3	B1.3	B1.3.1	CAA CCL CMCT	Interpreta mapas representativos dos principais conxuntos bioclimáticos de Galicia, España, Europa e o mundo.	50%	15%	90%					10%		
				CD CAA CCL	Compara as principais zonas climáticas seguindo cadeas argumentais.	50%	15%	90%					10%		
